



C.E.I.P plurilingüe VISTA ALEGRE

PRIMEIRA ACTA DA XUNTA ELECTORAL

Na Dirección do **CEIP Plurilingüe Vista Alegre de Burela** e sendo as 16:00 horas do día cinco de novembro de dous mil dezaoto, reúnense as persoas que máis abaixo se relacionan, nomeadas en virtude do artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, que regula a constitución da Xunta Electoral responsable da organización e supervisión do procedemento de elección dos membros do Consello Escolar, ao obxecto de tratar os seguintes asuntos:

Primeiro.- A Directora do Centro, D^a **Gema Cillero García** que baixo a súa presidencia se realiza a reunión, da lectura a todas as persoas presentes dos artigos 30 e seguintes do Decreto 92/1988, do 28 de abril, segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario

Segundo.- Seguidamente, en virtude das disposicións antes mencionadas, procédese á **constitución da Xunta Electoral do Centro**, quedando a mesma estruturada da forma seguinte:

- **Presidenta:** D^a Gema Cillero García, Directora do Centro.
 - **Vocais:**
 - D^a Cristina Pillo Hermida (Mestra)
 - D. Santos Rivas Pavón (Pai)
 - D. Julio Antonio Domínguez Basanta (Persoal de administración e servizos)
- Actúa como *Secretaria* D^a Cristina Pillo Hermida.

Terceiro.- A Xunta Electoral, unha vez constituída e de acordo coa lexislación vixente, procede a aprobar a publicación das convocatorias dos distintos sectores de representación, así como a publicación dos seus correspondentes censos electorais, e establece o seguinte calendario electoral:

- **Día 7 de novembro:**
 - Publicación das convocatorias de eleccións nos distintos sectores educativos: profesores e pais/nais.
 - Publicación provisional dos censos dos sectores educativos citados.
 - Envío de escritos ao Concello e a ANPA solicitándolles a designación dos seus representantes.
- **Do 9 ao 16 de novembro:**
 - Prazo de presentación de candidaturas.

- **Día 19 de novembro:** (Celebración da 2ª reunión da Xunta Electoral):
 - Proclamación e posterior publicación de candidaturas por sectores de representación.
 - Aprobación definitiva de censos electorais, unha vez resoltas as posibles reclamacións.
 - Aprobación de modelo de papeletas e sobres dos distintos actos electorais.
 - Sorteo público da designación dos membros das mesas electorais.

- **Día 26 de novembro:** Celebración das votacións:
 - Profesorado de 16,00 a 17:00 horas.
 - Pais, nais e titores legais do alumnado, de 17:00 a 19:00 horas.

- **Día 27 de novembro** (Celebración da 3ª e última reunión da Xunta Electoral):
 - Resolución das reclamacións se as houbera.
 - Proclamación e publicación dos/as candidatos/as electos/as.
 - Traslado á Xefa Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria das copias de actas das votacións efectuadas. (Anexo I)

E sen máis asuntos que tratar, a Directora, como Presidenta da Xunta Electoral, levanta a sesión ás 17:00 horas do día, mes e ano ao principio mencionado e que, como secretaria, dou fe.

Vº E PRACE
A DIRECTORA

Asdo: Gemma Cillero García

A SECRETARIA

Asdo.: Cristina Pillo Hermida

OS VOCAIS,

Asdo.: Santos Rivas Pavón

Asdo.: Julio Antonio Domínguez Basanta